



CONTIDOS DIXITAIS



- **Que son os ODE?**
- **Características**
- **Paquetes de contidos e estándares**
- **Os REA**
- **Criterios de calidad**
- **A propiedade intelectual**
- **Ferramentas**
- **Repositorios**






QUE SON OS ODE?




Obxecto Dixital Educativo / Obxecto dixital de Aprendizaxe

- Para Wiley no ano 2000:
Calquera recurso dixital que poida ser reutilizado como soporte para a aprendizaxe.
- En 2001 o IEEE LTSC publicaba estoutra, referida a Obxecto de Aprendizaxe:
Calquera entidade, dixital ou non dixital, que pode ser utilizada para a aprendizaxe, a educación ou o adestramento.
- En 2002, o propio Wiley engadía:
Un obxecto de aprendizaxe é unha unidade pequena e á vez autosuficiente que responde a un obxectivo e necesidade instruccional e que ademais pode ser extrapolado a diferentes contextos educativos.
- Reak e outros, en 2003 definían así:
Unha entidade dixital que pode utilizar, re-utilizar e referenciarse durante a aprendizaxe soportada por tecnoloxía.
- Kooper, por fin, engade estoutra:
Calquera recurso dixital, reproducible, susceptible de referenciarse, empregado para levar a cabo actividades de aprendizaxe ou de soporte e dispoñible para utilizar por todos.



Obxecto Dixital Educativo / Obxecto dixital de Aprendizaxe

Sen querer entrar en detalles que exceden o obxectivo dos presentes contidos, os **ODE/ODA** son as unidades básicas de contidos que poderían agrupar para formar unha **Secuencia Dixital de Aprendizaxe** (cun deseño instrutivo propio), que á súa vez poderían formar **Programas de Formación**.





CARACTERÍSTICAS




ODE: CARACTERÍSTICAS

- Contén unha unidade de aprendizaxe.
- Ten sentido en si mesmo (non depende doutros).
- Pode ser combinado con outros para formar unha unidade de orde superior (secuencias didácticas).
- Dispón de metadatos que lle permiten ser agregado a repositorios de ODE, e ser localizado posteriormente.
- É reutilizable e interoperable, é dicir, capaz de soportar cambios tecnolóxicos sen ser redeseñado.



ODE: CONDICIÓN S A CUMPRIR




- **Interoperable:** etiquetado e catalogado con metadatos para o seu almacenamento e posterior recuperación.
- **Reutilizable:** pode ser utilizado en diferentes contextos educativos.
- **Portable:** pode ser utilizado en todas as plataformas.
- **Perdurável:** os cambios nas tecnoloxías non deben implicar cambios importantes no deseño do obxecto.

ODE: Arquitectura modular de xerarquía crecente

Para o deseño desta arquitectura tívose en conta :

- a estrutura
- a funcionalidade
- a cobertura curricular



Gráfico da arquitectura de niveis de agregación de ODE LOM-ES



NIVEL 1: Obxecto básico (OB)


Atopamos os obxectos de aprendizaxe más pequenos; "medias e multimedia" ou **Obxectos Básicos (OB)**: imaxes, vídeos, audios, software, hipertextos ou wikis pertencen a esta categoría.

Non terán unha funcionalidade nin unha cobertura curricular clara para ser considerados como obxectos de aprendizaxe, pero serán os elementos a partir dos cales se constrúan o resto.



NIVEL 2: Obxecto de aprendizaxe (OA)

Son os elementos más pequenos con función didáctica (actividades de aprendizaxe, avaliación, coñecementos previos ...) e a súa cobertura curricular é dun ou varios bloques de coñecemento dun curso ou ciclo.



Deben incluir os seguintes elementos:



Contido: posibilita ao alumnado o traballo cun ou varios feitos, conceptos, principios e/ou procedementos que necesita coñecer e comprender para alcanzar os obxectivos didácticos do OA.

Actividade: propón ao alumnado un proceso activo e de implicación para comprender os conceptos e interiorizar os coñecementos identificados e explicitados nas fichas de deseño instrutivo.


Avaliación: todo OA levará asociado un procedemento de avaliación que permita contrastar en que medida se alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe.

Ampliación ou Extensión: ofrece pautas para a ampliación, adaptación ou extensión dos obxectivos propostos, permitindo tamén a contextualización e/ou xeneralización dos coñecementos adquiridos.

NIVEL 3: Secuencia Didáctica (SD)

As secuencias didácticas (SD), estarán formadas por obxectos de nivel 2 (Obxectos de Aprendizaxe) e excepcionalmente obxectos de nivel 1 (por exemplo o sistema de navegación entre os obxectos de aprendizaxe).


As secuencias didácticas terán unha cobertura curricular dunha subárea dun curso ou ciclo.




NIVEL 4: Programa de formación (PF)

O máximo nivel de agregación, denominado Programa de formación (PF) corresponderá a un área completa dun nivel educativo.

Un PF será o resultado da agregación de diferentes obxectos de nivel 3 e excepcionalmente de nivel 2 e 1.






PAQUETES DE CONTIDOS E ESTÁNDARES



PAQUETE DE CONTIDOS


- Formato de arquivo estándar baseado en especificacións que facilitan **o reemprego en plataformas** de Ensino Virtual (LMS).
- Contidos con **estrutura de metadatos** que organizan a orde de lectura e xerarquía.
- Inclúe o necesario para ser considerado "**unidade formativa**" con sentido por si mesma: información, metainformación, arquivos de imaxes, documentos etc.



ESTÁNDARES: SCORM


SCORM (Shareable Content Object Reference Model ou Modelo Referenciado de Obxectos de Contido Compartible) é o estándar máis popular na actualidade.

Clasifica os obxectos de aprendizaxe en asset e SCO: os contidos (assets) teñen como finalidade presentar información. As actividades disponibles (SCO) recollen o grao de realización da actividade e comunican ao LMS se a actividade se realizou de forma correcta ou non.



ESTÁNDARES: SCORM

- **Versións:** SCORM 1.2 e SCORM 2004 (última revisión ano 2009), incorpora IMS SS, secuenciación condicional, non presente nas versións anteriores.
- **Arquivo imsmanifest.xml:** Os recursos van estar catalogados con algunha variante de LOM, que tamén se inclúa no ficheiro imsmanifest.xml.
- O paquete SCORM tamén é en realidade un **arquivo ZIP**.



ESTÁNDARES: IMS

IMS CP é un estándar sinxelo que consiste en engadir un arquivo chamado `imsmanifest.xml`, ou "manifesto" de IMS.


Arquivo con sinxela información de secuenciación (índice de contidos) e unha lista de todos os arquivos que conforman o recurso. Este arquivo de manifesto, xunto con todos os arquivos que componen o recurso, empaquétanse nun único **arquivo ZIP**.



ESTÁNDARES: IMS

- Pode incluir **varias secuenciacións** ("organizacóns" na terminoloxía IMS). Neste caso habería que especificar cal é a secuenciación por defecto.
- **Agregación e desagregación** de contidos: podemos unir varios paquetes IMS CP para formar un recurso máis complexo; do mesmo xeito, podemos desagregar un paquete complexo en varios máis sinxelos.






QUE SON OS REA?



REA: DEFINICIÓN

Recursos Educativos Abertos:

Calquera material de aprendizaxe ou de ensino de **dominio público** ou creado baixo unha **licenza aberta** como as Licenzas Creative Commons ou a Licenza Pública Xeral GNU, que permiten o acceso sen custo, o uso, a adaptación e distribución sen ningunha restrición ou con restricións limitadas.



DEFINICIÓN: REA

Os REA son:

ACCESIBLES

ADAPTABLES

GRATUÍTOS


INNOVADORES



Exemplos de REA:

- cursos completos
- obxectos de aprendizaxe
- actividades
- exercicios
- outras ferramentas, materiais ou técnicas para ensinar, aprender ou investigar.

[Máis información sobre os REA](#)




CRITERIOS DE CALIDADE



NORMA UNE 71362: Criterios de calidade

A norma [UNE 71362:2020](#) elaborada polo [Comité de Tecnoloxías da información para a aprendizaxe da UNE](#), establece os criterios de **calidade** dos materiais educativos dixitais (MED) así como unha **ferramenta** para a súa medición.




Neste [artigo do INTEF](#) poderás ver con máis detalle e profundidade en que consiste e como avaliar os recursos educativos.

A norma establece tres condicións:

- **Eficacia didáctica:** contribúe a mellorar o ensino e a aprendizaxe e o seu uso mellora os resultados académicos.
- **Eficacia tecnolóxica:** é um produto robusto, interoperable, usable e escalable.
- **Accesibilidade:** serve para as persoas destinatarias previstas, con independencia das súas diferentes capacidades.

Estas tres condicións desenvólvense en quince criterios, cada un dos cales contén diferentes indicadores de calidade que especifican as características que debe reunir un recurso para ser considerado un bo recurso educativo.



NORMA UNE 71362: Criterios de calidade

CRITERIOS

Descripción didáctica	Portabilidade
Calidade dos contidos	Robustez (estabilidade técnica)
Capacidade para xerar aprendizaxe	Estrutura do escenario de aprendizaxe
Adaptabilidade	Navegación
Interactividade	Operabilidade
Motivación	Accesibilidade do contido audiovisual
Formato e deseño	Accesibilidade do contido textual
Reusabilidade	



NORMA UNE 71362: Criterios de calidad






A PROPIEDADE INTELECTUAL



COPYRIGHT

Calquera ODE publicado ten dereitos de propiedade intelectual, mesmo aqueles nos que non se indica ningunha licenza de autoría.

A lei de propiedade intelectual establece nese caso unha licenza **Copyright**, é dicir, todos os dereitos reservados.



CREATIVE COMMONS

Afortunadamente, existen outras licenzas, como as **Creative Commons**, que combinando os 4 dereitos, **Atribución (BY)**, **Compartir igual (SA)**, **Sen obras derivadas (ND)** e **Sen uso comercial (NC)**, orixinan varias licenzas, algunas das cales permiten o uso deses recursos sempre que se respecten os dereitos reservados.



A ATRIBUCIÓN



A **atribución dos recursos** aos seus lexítimos autores ou autoras é un aspecto legal que debemos respectar.

Segundo o recurso de que se trate ou do sitio do que o tomemos deberemos citalo seguindo unhas pautas recoñecidas a nivel internacional.

[Máis información](#) sobre a atribución.




A ATRIBUCIÓN

Por outra banda, tamén decidimos **compartir coa comunidade educativa**, publicar as nosas creacións asignándolle unha licenza que ao mesmo tempo que recoñeza a nosa autoría permita a súa reutilización, redifusión e mesmo facer obras derivadas abrindo así as portas a que os nosos traballos medren e melloren coas aportacións doutras persoas.




NORMA XERAL

- **Utilizar recursos propios** como textos, imaxes, presentacións, sons, vídeos,...
- Se empregamos recursos alleos, **busquemos aqueles que teñan unha licenza que permita empregalo**, modificalo...
- Cando usemos recursos alleos, **respectaremos os dereitos de autor, cita e atribución**.
- **Compartamos coa comunidade educativa os recursos creados por nós** publicándolos cunha licenza que permita a outros profesores e profesoras empregalos.



Compatibilidades licenzas Creative Commons

	(S) PUBLIC DOMAIN	(O) PUBLIC DOMAIN	CC BY	CC BY SA	CC BY NC	CC BY ND	CC BY NC SA	CC BY NC ND
(S) PUBLIC DOMAIN	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓	✗
(O) PUBLIC DOMAIN	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓	✗
CC BY	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓	✗
CC BY SA	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✗	✗
CC BY NC	✓	✓	✓	✗	✓	✗	✓	✗
CC BY ND	✗	✗	✗	✗	✗	✗	✗	✗
CC BY NC SA	✓	✓	✓	✗	✓	✗	✓	✗
CC BY NC ND	✗	✗	✗	✗	✗	✗	✗	✗



FERRAMENTAS DE AUTORÍA



FERRAMENTAS DE AUTORÍA: DEFINICIÓN

Son aplicacións informáticas, xeralmente de carácter multimedia, que facilitan a creación, publicación e xestión de materiais e recursos educativos en formato dixital que serán empregados en dispositivos dixitais na aula (ordenadores, dispositivos móbiles, paneis dixitais...) ou plataformas de ensino en liña.


As ferramentas válidas para a creación de ODE deben permitir a descarga en SCORM 1.2 e 2004 ou HTML e o seu uso non pode depender de acceso a portais/plataformas alleos á Rede Pública de Formación.

eXeLearning, H5P e MOODLE son algunas das ferramentas más populares que cumplen cos requisitos aludidos.



1. Acceso á ferramenta de edición:

O contido aberto debe publicarse nun formato que poida ser editado utilizando ferramentas que estean dispoñibles de forma gratuita e que se executen nos principais sistemas operativos (Linux, Windows, MacOS...).




2. Editable significativamente:

O contido aberto debe publicarse nun formato que permita realizar modificacións significativas (textos, cambio de cores etc.)



3. Nivel de coñecemento esixido:

O contido aberto debe publicarse nun formato que poida ser modificado cunha ferramenta sinxela de usar e que requira unha mínima formación.




4. Arquivo fonte:

O arquivo fonte é o arquivo que a persoa creadora edita coa finalidade de construír o produto final. Nalgúns casos o arquivo fonte é o mesmo que empregará o usuario final (por exemplo, un arquivo de texto). Noutros casos o arquivo editado polo creador expórtase nun novo arquivo para a súa distribución, por exemplo os .elp de eXeLearning, que se publican en HTML ou SCORM.

Adaptación de Defining the "Open" in Open Content and Open Educational Resources, which was originally written by David Wiley and published freely under a Creative Commons Attribution 4.0 license at <http://opencontent.org/definition/>.






REPOSITORIOS



Repositorios Abertos de REA

Un repositorio aberto de recursos é unha plataforma que proporciona acceso a diversos recursos e contidos multimedia sen requerimentos de suscrición, rexistro ou pago.



Repositorio de Contidos Educativos

Podemos destacar o banco de recursos da Xunta de Galicia, unha revisión do Repositorio Abalar. Plataforma de xestión, difusión e emprego destes contidos, onde está dispoñible unha selección de recursos educativos de calidade e en múltiples idiomas, que está a ser actualizada de xeito continuo con novos contidos e funcionalidades.

<https://recursos.edu.xunta.gal/es>

The screenshot displays the homepage of the 'REPOSITORIO DE CONTIDOS EDUCATIVOS'. The header features the Xunta de Galicia logo and the repository's name. Below the header, there's a decorative background image of school-related items like pencils and books. A navigation bar includes options for 'Ordenar por' (Data, Más visitados, Recomendados), a search bar, and filters for 'IDIOMA', 'TIPO', and 'LICENZA'. The main content area shows a grid of 12 resource cards, each with a thumbnail, title, subject, and download/upload icons. The visible cards include:

- Química Manipulativa. Reaccións químicas (FÍSICA E QUÍMICA)
- Laboratorio de Té Kombucha (BIOLOGÍA E XEOLOGÍA)
- Tecendo Código
- DIXIT

Procomún

Repositorio de contenidos do Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y de Formación del Profesorado (INTEF), dependente do Ministerio de Educación e Formación Profesional

<https://procomun.intef.es/>



The screenshot displays the Procomún website homepage. At the top, there's a banner with the INTEF logo and the text "INSTITUTO NACIONAL DE TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE FORMACIÓN DEL PROFESORADO". Below the banner is a search bar with the placeholder "Búsqueda de recursos" and "Búsqueda multimedia". The search bar also includes dropdown menus for "Todos los contenidos", "Área de conocimiento", and "Contexto educativo". The main content area features several sections: "RECURSOS DE APRENDIZAJE" (29022 items) with a yellow hexagonal icon; "DESTACAMOS" featuring a green hexagonal icon with the text "3 E S O" and a globe image; "ITINERARIOS DE APRENDIZAJE" (371 items) with a yellow hexagonal icon; "BANCO MULTIMEDIA" (+100.000 items) with a yellow hexagonal icon; and two featured articles: "La acción humana en los ecosistemas. Cambios en los ecosistemas." and "Los recursos o figuras literarias".

Materiais elaborados polo Centro Autonómico de Formación e Innovación



Atribución gráficos:
Freepik- Freepik.com
Rawpixel.com - Freepik.com
Macrovector- Freepik.com
Macrovector_Official- Freepik.com
Pikisuperstar- Freepik.com





XUNTA
DE GALICIA